



**REGULAMENTO**  
**VII GRAN PREMIO DE VETERANOS**  
*XXI COPA XUNTA DE GALICIA-6º MEMORIAL XACINTO REGUEIRA*  
**TEMPADA 2008**

**Art.1.- ORGANIZACIÓN**

A organización deste VII GRAN PREMIO DE PIRAGÜISMO PARA VETERANOS correspóndelle a Federación Galega de Piragüismo que actuará a través dos seus Organos Executivos.

**Art.2.- PATROCINADOR**

O PATROCINIO deste VII GRAN PREMIO DE PIRAGÜISMO PARA VETERANOS será a Federación Galega de Piragüismo, a través dos seus propios presupostos e das subvenciones que a este fin consigan.

**Art.3.- COMITÉ DE DISCIPLINA**

Será o propio da Federación Galega de Piragüismo, que actuará de acordo cos Regulamentos da mesma, independentemente das actuacións doutros Comités nas competicións de ámbito nacional ou internacional.

**Art.4.- COMITÉ DE COMPETICIÓN**

Cada competición terá seu propio Comité de Competición que conformarase do xeito que establecense nos regulamentos vixentes na F.G.P. e que será o paso previo regulamentario para a presentación de reclamacións posteriores o Comité de Disciplina e Órganos Superiores.

**Art. 5.- XUICES E ÁRBITROS**

Cada regata puntuabel, terá seus propios Árbitros e Xuices que serán nomeados pola F.G.P., a proposta do Comité Técnico de Árbitros da mesma. O termino de cada regata o Xuiz Arbitro levantara un acta de resultados que será entregada a Federación para realizalas clasificacións finais.

**Art.6. – PARTICIPACION**

Será por Equipos.

Por ser un Programa de Galicia en sistema de LIGA, o mesmo estará aberto a todo-os clubes de Galicia que cumplan os requisitos establecidos en cada unha das regatas puntuabels e as normas aprobadas po la Asamblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubes e deportistas da tempada 2008.

Todos os palistas e clubes gallegos, para poder participar en este Programa deberán de estar en posesión da licencia federativa actualizada para a tempada 2008.

Os clubes de fora de Galicia que deseen participar en calqueira das competicións que forman parte da XXI Copa Xunta de Galicia poderán facelo sempre e cando cumplan os requisitos



establecidos e as normas aprobadas po la Asamblea da F.G.P. sobre afiliacions a clubes e deportistas da tempada 2008, **salvo nos distintos Campeonatos Galegos** a celebrar na tempada 2008 nos que non terán dereito a participar.

Os palistas e clubes de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a sua medalla ou trofeo no caso de que lle corresponda po-la sua clasificación na mesma.

Para a clasificación de cada un dos grandes premios (Rios e Travesías, Promoción e Pista) da Tempada 2008 extrapolaránse os clubes galegos participantes na competición (quitando os que non o son) e se lle asinarán puntos en base a sua clasificación e conforme a relación que resulte.

#### **Art 7.- INSCRIPCIONES**

Cada clube poderá inscribir en cada regata puntuabel, por modalidade e categoría, o número de palistas que considere oportunos, sempre e cando estos cumplan as normas establecidas nos reglamentos específicos de cada Gran Premio en cada regata.

#### **Art. 8.- CATEGORIAS**

As categorías da LIGA serán as seguintes:

- Veteranos "A" homes de 35 a 44 anos
- Veteranos "B" homes de 45 anos en adiante
- Veteranas "A" mulleres de 35 a 44 anos
- Veteranas "B" mulleres de 45 anos en adiante

Todos los participantes deberán ser maiores de 35 anos.

#### **Art.9.- CALENDARIO**

Establecese o calendario de competicións seguinte:

17/02/2008	1ª Competición- CGI	Castrelo de Miño (Ourense)
05/07/2008	2ª Competición- CG Rios	Ribadumia (Pontevedra)
03/08/2008	3ª Competición- CG Pista Senior	Castrelo de Miño (Ourense)

Os lugares de celebración das TRES (3) regatas serán os mesmos que os Campeonatos destas modalidades nas restantes categorías.

#### **Art. 10.- EMBARCACIONES**

Todalas regatas deste programa faranse en embarcacións individuais tipo K-1 poidéndose participar en minikayak, RR, Kayak Polo, Kayak de mar, etc.

Todalas embarcacións deberán levar de forma obligatoria os correspondentes sistemas de flotabilidad. Ningunha embarcación poderá superar en lonxitude o K-1 establecido para as carreiras en línea según la I.C.F.



### ***Art 11.- CLASIFICACIONES POR EQUIPOS***

Conforme os resultados individuais de cada regata deste programa estableceuse unha clasificación por equipos a efectos do VII Gran Premio de Veteranos-2008 os que se lle otorgará a puntuación seguinte:

1º Clasif..... 50 puntos, 2º..... 48, 3º ..... 47, 4º ..... 46, etc.

A puntuación para todos os clubs que non tomen parte nunha regata puntuable será de 0 puntos.

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, asignaráselle a efectos do VII Gran Premio de Galicia de Veteranos 2008, a puntuación do último clube clasificado con puntos, menos 5 puntos (e dicir, si o último clube clasificado con puntos correspondenlle 42 puntos por exemplo, os seguintes que non obtiveron clasificación terán 37 puntos cada un).

Todos aqueles clubs que, na presente tempada 2008 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro (e que non exista acordo entre eles) para poder percibir o 50% dos puntos que consiga o mesmo nas competicións, terán que participar os dous clubs (o clube de orixen e o de destino) na mesma competición ou regata.

### ***Art. 12.- PREMIOS DAS DISTINTAS REGATAS***

En cada regata estableceuse os premios seguintes:

Medalla, placa ou trofeo para os tres (3) primeiros clasificados en cada unha das modalidades que estableceuse no presente regulamento.

### ***Art.13.- PECHE DE CONTROL***

Establecese un tempo de peche de control, para todas as competicións puntuables, que será o mesmo que o establecido nos regulamentos específicos. No Campionato de Pista sobre 1000 metros, o sistema de pases a semifinais e finais, será o mesmo que o establecido para o Campionato Senior en K-1.

### ***Art. 14.- DISTANCIAS***

A primeira regata da tempada, e dicir, o Campionato Galego de Inverno, farase sobre a distancia de 5000 metros, o Campionato de Pista será sobre a distancia de 1000 metros, e o Campionato Galego de Descensos y Travesías será na distancia marque o regulamento propio da regata e no percorrido máis curto.

### ***Art. 15.- PREMIOS FINALES***

De conformidade cos resultados de todas e cada unha das regatas deste programa (3) estableceuse un ranking clasificatorio dos clubs participantes.

Aos tres primeiros clubs clasificados deste VII Gran Premio de Galicia de Veteranos se lles entregará o Trofeo correspondente no transcurso da Gala do Piragüismo de Galicia-2008.



**Art. 16.- CHALECO**

No presente Programa Especial, por ser de promoción, a Dirección Técnica da FGP considera que a utilización do chaleco é optativo, pero recomendable para todos os participantes.

**Art. 17.- UNIFORMIDADE**

Todos os palistas participantes nas regatas deste programa deben portar, tanto na competición como nos actos oficiais, a uniformidade dos seus clubs respectivos, así como levar o dorsal facilitado pola organización debidamente colocado e visible, sen dobreces nin arrugas. O palista que incumpla estas normas será descalificado a todos os efectos.

**Art. 18.- COMPETICIÓN RESERVA**

Si por causa maior, axena a vontade da organización de cada regata, unha destas ten que ser suspendida está previsto ca Federación teña disposto un escenario alternativo para o desenrolo da mesma. No caso de que non pudiese celebrarse unha regata citada no escenario alternativo, a FGP disporá dos medios necesarios para súa celebración na data alternativa ou trocala por outra da tempada.

**Art. 19.- CAMBIOS DE CLUBS**

Os palistas que teñan participado nalguna de las regatas puntuables deste VII GRAN PREMIO DE GALICIA DE VETERANOS -TEMPADA 2008, en calquera de sus categorías por un club determinado, **poderá facelo en caso de cambio de club**, na mesma tempada co seu novo equipo, **pero en ningún caso puntuará para o mesmo** aunque sí terá dereito a recibir súa medalla óu trofeo na competición na que participe no caso de ter dereito a ela.

No caso de que un palista de cambio de club, e conforme as condicións anteriores, participe nunha competición formando parte dun barco de equipo (K-2, C-2, K-4 ó C-4), dito barco non puntuará para o club.

**Art. 20.- OUTRAS NORMAS**

Para todas aquelas normas que non se atopan estipuladas no presente regulamento ni en el regulamento específico de cada regata puntuable, o XIII GRAN PREMIO DE PISTA DE GALICIA rexirase pola normativa da XXI COPA XUNTA DE GALICIA e, nos casos non previstos, polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

**Art. 21.- INFORMACIÓN**

Para maior información podrán dirixirse a la Federación Galega de Piragüismo (C/ Italia, 35-Monteporreiro, 36162 (Pontevedra).  
Tfños de contacto: 986/842106 y 986/896537, fax 986/851108 e-mail: [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org)

Pontevedra, 8 de febreiro de 2008  
O XERENTE

Vº Bº  
PRESIDENTE F.G.P.